



DATOS IDENTIFICATIVOS

Fundamentos dos servizos sociais

Materia	Fundamentos dos servizos sociais			
Código	O05G220V01104			
Titulación	Grao en Traballo Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a	Martínez Rodríguez, María			
Profesorado	Martínez Rodríguez, María Sánchez Roura, María Begoña			
Correo-e	maria.t.s.ourense@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	O sistema público de servizos sociais destinado a garantir unhas prestacións básicas ante situacións de necesidade ten unha identidade, normativa, estrutura, competencias, financiación etc. propias, e xunto con outros sistemas de protección social constitúese nun dos piares fundamentais do estado de benestar, sendo este sistema público un dos ámbitos principais de intervención do traballo social.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacidade para traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias
B3	Traballar coas persoas para que sexan autosuficientes e con capacidade para manifestar as súas necesidades, desexos, puntos de vista e circunstancias
C3	Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención
C4	Responder a situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados
C15	Establecer e actuar para a resolución de situacións de risco previa identificación e definición da natureza da mesma
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Capacidade reflexiva
D4	Comunicación oral e escrita nas linguas nativas
D8	Capacidade de xestión da información
D9	Resolución de problemas
D10	Toma de decisións
D11	Traballo en e con equipos diversos
D16	Razoamento crítico
D17	Compromiso ético
D18	Aprendizaxe autónoma
D24	Sensibilidade cara a temas medio ambientais, igualdade entre home e mulleres, cultura da paz, etc.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer e valorar a importancia dos servizos sociais como instrumento operativo da política social e como un dos elementos básicos do sistema de benestar social.	A1 A3		C3 C15	D1 D3 D4 D8 D9 D16 D18
Coñecer a natureza, organización e mecanismos de actuación dos servizos sociais nos ámbitos europeo, estatal, autonómico e local.	A1 A3			D1 D3 D4 D8 D16 D18
Identificar as necesidades sociais e as situacións de risco y coñecer o papel dos Servizos Sociais e a súa satisfacción	A3 A5	B1 B3	C3 C4 C15	D2 D3 D4 D8 D9 D17
Promover a capacidade investigadora no marco das necesidades e do desenvolvemento social.	A3 A4 A5	B1	C3	D1 D2 D3 D4 D8 D11 D16 D18 D24
Situarse críticamente sobre a resposta ás necesidades sociais desde o ámbito dos servizos e organizacións de benestar	A2 A4		C4	D1 D2 D3 D4 D9 D10 D11 D16 D17
Apreciar, respectar e valorar a dignidade persoal dos seres humanos así como a diversidade social crecente na nosa contorna.		B1 B3		D3 D4 D17 D24

Contidos

Tema	
1. Conceptos básicos relacionados cos Servizos Sociais.	1.1 Conceptos básicos. 1.2. Definición e delimitación conceptual.
2. Evolución histórica dos servizos sociais en España	2.1. A acción social na Idade Media: a caridade. 2.2. A acción social durante os séculos XVII e XVIII: a beneficencia. 2.3. A acción social no século XIX: a asistencia social. 2.4. Os servizos sociais no século XX: o franquismo. 2.5. Os servizos sociais na democracia: os dereitos sociais na Constitución e nas leis de servizos sociais.
3. Os servizos sociais na súa relación coa política social e o benestar social	3.1. Aspectos conceptuais sobre política social e benestar social: características. Novas tendencias en demanda e atención social. Concepto de cidadanía 3.2. Os servizos sociais no marco do estado de benestar 3.3. Os servizos sociais como sistema público de benestar social 3.4. As políticas públicas dos servizos sociais da Administración europea, estatal, autonómica e local

4. As necesidades sociais. Modos de satisfacción desde os servizos e as organizacións de benestar social	4.1. Aproximación teórica ás necesidades sociais. A transformación das necesidades sociais ante o cambio social. 4.2. Identificación e priorización das necesidades 4.3. Resposta ás necesidades. 4.4. Os recursos sociais. A satisfacción das necesidades desde os servizos e organización do benestar social (sector público, privado, terceiro sector).
5. Os problemas sociais. Factores de risco e de protección social	5.1 Aproximación teórica. 5.2 Fases dos problemas sociais. 5.3 Diagnóstico e valoración das situacións-problema. Indicadores. 5.4 Factores de risco e de protección social.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	22	46	68
Traballo tutelado	6	6	12
Traballo tutelado	2	2	4
Estudo de casos	5.5	16	21.5
Saídas de estudo	5	2	7
Presentación	3	4.5	7.5
Cartafol/dossier	1	7	8
Exame de preguntas obxectivas	2	20	22

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte da profesora dos contidos, bases teóricas e/ou directrices sobre a materia obxecto de estudo.
Traballo tutelado	O/A estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión da docente.
Traballo tutelado	O alumnado elaborará, de forma autónoma ou en grupo, un traballo sobre o estudo de necesidades relacionado coa temática da materia que será supervisado e tutelado pola profesora no que se refire á busca e recollida de información, á lectura e manexo de bibliografía, á redacción, á presentación e exposición etc.
Estudo de casos	Análise de situacións, problemas ou casos reais coa finalidade de coñecelos, interpretalos, diagnosticalos, buscando o adestramento en procedementos alternativos de solución.
Saídas de estudo	Visitas a institucións prestadoras de servizos sociais que gardan relación co ámbito da discapacidade e da velez.
Presentación	Exposición na clase, pola parte do alumnado, do traballo sobre o estudo de necesidades ou de outros exercicios que se consideren de interese.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Atención ao alumnado, de forma individual ou en grupo, sobre traballos relacionados coa materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	Valorarase o traballo do estudo das necesidades, así como a súa presentación e exposición.	20	A1 B1 C3 D1 A2 B3 C15 D2 A3 D3 A4 D4 D10 D11 D18

Cartafol/dossier	O alumnado deberá presentar un caderno-dossier do traballo realizado, persoal ou en grupo, referido ás actividades teórico-prácticas desenvolvidas dentro dos apartados do traballo na aula, estudo de casos e seminarios, traballos tutelados. Algúns destes traballos realizaranse de xeito individual na aula para a súa posterior cualificación dentro do proceso de avaliación continúa.	40	A2 A3 A4 A5	B1 B3 C15	C3 C4 D3 D4 D8 D9 D11 D16 D17 D18 D24
Exame de preguntas obxectivas	Exame teórico tipo test sobre os contidos da materia impartidos a través das clases maxistras e dos seminarios. Constará de 40 preguntas con tres alternativas de resposta das cales só unha é verdadeira. O sistema de corrección será de acertos menos erros/2 (A-E/2), estando o corte do aprobado en 20 despois de aplica-la fórmula.	40	A1 A2 A3	C3	D1 D8 D18

Outros comentarios sobre a Avaliación

Modalidade de avaliación continua

A planificación deste proceso de ensinanza-aprendizaxe concíbese como unha avaliación continua e esixe a presenza do alumnado tanto nas clases teóricas coma nas prácticas. Considéranse estudantes con asistencia regular os que acudan a un mínimo do 80% das clases teóricas; clases prácticas e o mesmo para as titorizacións en aula. A asistencia medirase mediante listaxes de asistencia diarios. Subliñar que non chega con asistir á clase, nin que o que se avalía é a asistencia do alumnado. Se o estudante deixa de asistir á clase, sexa cal sexa a circunstancia (coa única excepción de enfermidade xustificada con certificado médico ou pasamento dun familiar achegado), terá que optar pola segunda modalidade de avaliación.

As actividades prácticas iranse presentando segundo os prazos que se determinen previamente na aula. Ademais, como indicador de avaliación continua poderanse realizar probas-control individuais sobre exercicios prácticos cuxa cualificación pasará a formar parte do cartafol/dossier.

Modalidade de avaliación global

O alumnado que opte por non asistir ás clases, tanto teóricas como prácticas, ou non poida, ou pretendendo ser estudante presencial teña máis do 20% de ausencias tanto na parte teórica coma na parte práctica, pasará a formar parte desta modalidade de avaliación.

Nesta modalidade, a avaliación e a superación da materia virá determinada polo exame final teórico e práctico (convocatoria oficial) e pola presentación nese mesmo día do caderno-dossier de actividades teórico-prácticas e do traballo de necesidades.

Dentro do exame teórico-práctico se avaliará cun 60% a teoría e un 40% a práctica. O estudante terá que acadar ao menos un cinco en cada destas partes para superar a proba.

A puntuación final da materia será de ata 40% para o exame teórico-práctico, o 40% para o caderno-dossier, e o 20% para o traballo de necesidades

A principios de curso, a profesora entregarálle ao estudantado que opte por esta modalidade de avaliación un documento coas actividades do caderno-dossier. Este alumnado está obrigado a contactar coa docente a principios de curso para comunicarlle a súa elección por esta modalidade de avaliación.

O estudo da parte teórica da materia poderán facelo a través da bibliografía básica recomendada. En canto á parte práctica, esixiráselle ao alumnado que saiba dar resposta aos contidos conceptuais, actudiniais e procedementais desenvolvidos ao longo do curso e que pode adquirir a través de textos existentes na biblioteca e dos apuntamentos de clase.

Outros comentarios e segunda convocatoria

Segundo a normativa vixente, con independencia da súa asistencia ou non ás clases o alumnado gozará de condicións equivalentes de avaliación.

A superación da materia, tanto para estudantes de avaliación continúa como de avaliación global, implica puntuar en cada un dos criterios de avaliación establecidos - como mínimo- o 50 % da puntuación indicada.

Tanto para o alumnado da modalidade presencial asistentes con regularidade como para os non asistentes con regularidade, en caso de ter que concorrer á segunda convocatoria, gardaráselles as notas da parte teórica (exame) ou práctica

(traballos tutelados, presentacións, caderno etc.) superadas.

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico.

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade, no espazo "datas de exames",
<http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/graotraballosociallateral/exames-traballo-social-lateral>.

a. En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT)

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Alemán Bracho, C., Alonso Seco, J.M., e Fernández Santiago, P, **Fundamentos de servicios sociales**, 1ª ed., Tirant lo Blanch., 2010

Alemán Bracho, C. e Fernández García, T., **Introducción a los servicios sociales**, UNED, 2008

Casado, D. e Guillén, E., **Manual de Servicios Sociales**, 4ª ed., CCS, 2005

Bibliografía Complementaria

Alemán Bracho, C. e Fernández García, T., **Política Social y Estado de Bienestar**, 1ª ed., Tirant lo Blanch, 2006

Alonso Seco, J. Mª, **Política social europea**, 1ª ed., UNED, 2013

Ambrosini, C., (coord.), Heller, M, Casas J., Martín, F. (comp.), **Lógicas de las necesidades: la categoría de necesidades en las investigaciones e intervenciones sociales**, 1ª ed., Espacio Editorial., 2010

Ballester Brage, L., **Las necesidades sociales. Teorías y conceptos básicos.**, 1ª ed., Síntesis, 1999

Díaz Martínez, J.A. e Salvador Pedraza M.J. (Coords), **Nuevas perspectivas de los Servicios Sociales**, 1ª ed., UNED, 2000

Estivill, J., **Itinerario de las políticas sociales de la Unión Europea. Rev. Gitanos, Pensamiento y Cultura (17/18)**, Fundación Secretariado General Gitano, 2002

Garcés Sanagustin, A, **Nuevos retos de los servicios sociales en España**, 1ª ed., ePraxis, 2012

García Herrero G. (Coord.) e VVAA, **Os servizos sociais en Galicia. Reflexións dalgunhas protagonistas**, Rev. Fervenzas (14) 7-28, 2012

Hernández Arístu, J., **Trabajo social en el espacio europeo. teoría y práctica**, 1ª ed., Grupo 5, 2011

Max-Neef, M. Elizalde, A. E Hopenhayn, M., **Desarrollo a escala humana. Opciones para el futuro**, 1ª ed., Biblioteca CF+S., 2010

Montagut, T., **Política social. Una introducción**, 4ª ed., Ariel Sociología, 2014

Perez Campanero, M.P., **Como detectar necesidades de intervención socioeducativa.**, 1ª ed., Narcea S.A., 2010

Santos Martí, J., **El cuarto pilar. Un nuevo relato para los servicios sociales**, 1ª ed., Paraninfo, 2012

Uceda Maza, F. Xavier, **Los servicios sociales en España: desarrollo y articulación en los nuevos escenarios.**, Revista Documentación Social (162), 235-258., 2011

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Organización dos servizos sociais/O05G220V01205

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Introdución ao traballo social/O05G220V01105

Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).